



UNIVERSIDADE
DE VIGO

ASISTENTES

Alonso Prieto, Elena
Álvarez Moreira, José Ángel
Alverte Pivida, Rodrigo
Araújo Fernández, María
Area Carracedo, Iván Carlos
Baltrusch, Burghard
Blanco Sierra, Javier
Blas Varela, M^a Esther de
Boutinguiza Larosi, Mohamed
Bueno Alonso, Jorge L.
Caamaño Martínez, José Carlos
Cancho Grande, Beatriz
Carmona Ramírez, Jessica Alejandra
Carro Parafita, Pedro Manuel
Cebro Rodríguez, Xoán Manuel
Cid Fernández, Xosé Manuel
Collazo Fernández, Antonio
Comesaña Benavides, José Antonio
Corbacho Valencia, Juan Manuel
Costa Montenegro, Enrique
Cruz Freire, José Manuel
Cruz González, M^a Montserrat
Currás Valle, María Consuelo
Dapia Conde, María Dolores
Diz Folgar, Manuel
Dominguez Araújo, Lara
Dopico Aneiros, M^a Dolores
Eguía Oller, Pablo
Fariña Rodríguez, José
Fenollera Bolívar, M^a Inmaculada
Fernández Fernández, Federico A.
Fernández Fustes, M^a Dolores
Fernández Iglesias, Manuel José
Fernández Prieto, Marta
Fraiz Brea, José Antonio
Franco Matilla, M^a Inmaculada
Gallardo Medina, Mercedes
Gallego Veigas, Pedro Pablo
Gándara Pérez, José Antonio
García García, Óscar
Garrido Campos, Julio
Garrote Velasco, Gil
Godoy Malvar, Eduardo
Gómez Rodríguez, Alma M^a
González Álvarez, Dolores
González Barreiro, Alicia
Hernández Sánchez, Jesús
Iglesias Blanco, Raúl
Isorna Folgar, Manuel
Lameiro Diéguez, M^a de los Remedios
Lantarón Caeiro, Eva María
Llamas Nistal, Martín
López Lago, Marcos
López Mira, Álvaro Xosé
López Perriago, José Eugenio
López Rubianes, Lucrecia M^a
López Sánchez, Óscar
Lorenzo Rodríguez, M^a Edita de
Macías Cambra, Henrique
Marcet Miramontes, Purificación
Martín Moreno, José M.
Mascuñan Tolon, Patricia Silvia
Michinel Álvarez, Humberto Javier
Michinel Álvarez, Miguel Ángel
Míguez Miramontes, Jesús Manuel
Mojón Ojea, Artemio
Mollinedo Lois, Carlos
Moure Rodríguez, María José
Nombela Castaño, Miguel Ángel
Nóvoa Rodríguez, Xosé Ramón
Oca Cancela, Guillermo
Pardo Froján, Juan E.
Patiño Vilas, David
Paz Penín, Concepción
Pazos Arias, José Juan
Peña Gallego, M^a de los Ángeles
Pérez Álvarez, María José
Pérez Cota, Manuel
Porteiro Fresco, Jacobo
Ramos Cabrer, Manuel
Reboreda Morillo, Susana
Reigosa Roger, Manuel J.
Rivas Conde, Filemón

Acta da sesión ordinaria do Claustro Universitario da Universidade de Vigo do día **29 de outubro de dous mil vinte e un**, convocada para ás 10.00 h en primeira convocatoria e ás 10.30 h en segunda, de xeito presencial no Salón de Actos Marie Curie – Edificio Politécnico (Campus de Ourense), así como de xeito virtual a través do Campus Remoto – Sala 29 (Claustro Universitario).

Acadado o quórum necesario ás 10:30 h, dá comezo a sesión ordinaria do Claustro Universitario co obxecto de tratar a seguinte orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do 28 de xuño de 2021.
2. Informe do reitor.
3. Informe sobre actuacións en materia de sostibilidade na Universidade de Vigo.
4. Aprobación, se procede, das modificacións en concretos artigos do Regulamento Electoral Xeral (7.4º, 10.2 c, 11.1º y 2º, 15.6º, 30.4º y 7º).
5. Debate sobre o impulso ao Manual de Boas Prácticas no marco do programa Docentia e creación, se procede, dunha comisión de traballo ao respecto.
6. Elección de membros do C.G. polo sector estudantes: 1 vacante.
7. Elección de membros da Comisión redactora do Regulamento sobre a avaliación, a cualificación e a calidade da docencia e do proceso de aprendizaxe do estudantado: 5 PAS e 3 estudantes.
8. Elección dos membros da comisión redactora do Regulamento de inspección: 1 PDI e 3 estudantes.
9. Elección de representantes no Consello de Campus de Pontevedra: 2 estudantes.
10. Quenda de intervencións.

Segundo o sorteo da letra para as intervencións, levado a cabo pola Mesa, comezarase pola letra “R”. De alongarse en exceso a sesión, acórdase que se suspenda sobre as 15:00 h, se fose a prolongarse máis aló.



UNIVERSIDADE
DE VIGO

Rivo López, Elena
Rodríguez de la Fuente, Marta
Rodríguez Martínez, Francisco Javier
Román Lago, Carlos
Rúa Estévez, José Manuel
Rubio Arnesto, M^a Belén
Santalla del Río, María Verónica
Sieiro Vázquez, Carmen
Sioita Álvarez, Mónica
Sotelo Dios, Patricia
Soto Carballo, Jorge Genaro
Souto García, Raquel M.
Teira González, Eva
Torres Outón, Sara M^a
Vázquez Otero, M^a Elsa
Vázquez Vázquez, Miguel Ángel
Vera Isasa, María
Villanueva Torres, Daniel
Virgós Soto, Alejandro

DESCULPAN A SÚA AUSENCIA:

Ares Ferreirós, Martina
Barreiro Rodríguez-Moldes, M^a Covadonga
Bouza Rodríguez, José Benito
Cid Vera, Luis Saúl
Comesaña Piñeiro, Rafael
Díaz Redondo, Rebeca Pilar
Diéguez Quintas, José Luis
Dominguez Domínguez, Rubén
Fernández Rey, Aser Ángel
Fernández Riverola, Florentino
Ferro Soto, Carlos Antonio
González Santamaría, Pedro
Montero Reguera, José Francisco
Morán Martínez, M^a Paloma
Ovejero Campos, Aida
Teixeira Bautista, Marta
Torres Romay, Emma
Vaquero García, Alberto
Vázquez Alonso, Aroa

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do luns, 28 de xuño do 2021.

O reitor informa de que non se recibiron peticións de modificación da acta polo que propoñe que se aprobe por asentimento.

Apróbase por asentimento a acta da sesión anterior.

2. Informe do reitor.

O reitor informa dos seguintes asuntos:

- Plan de financiamento: onte celebrouse a penúltima xuntanza. O plan vai melloralas condicións do Sistema Universitario de Galicia. Parece que vai haber un acordo positivo para o SUG entre as tres Universidades.
 - Titulacións: Chegou informe favorable de Relacións Internacionais. Estase traballando no grao de Deseño. Sobre o Mestrado en Aeronáutica non houbo avances significativos.
 - Elena Alonso, reelixida como directora da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía.
 - Miguel Ángel Nombela, reelixido como decano da Facultade de Ciencias do Mar.
-
- Evento de celebración da diversidade.
 - 80 alumnos farán mestrados co programa Bolsas de Excelencia Mocidade Exterior.
 - A Área de Emprego e Emprendemento impulsa un programa de innovación aberta coas empresas, que proporán retos para TFG e TFM.
 - A Escola Aberta de Formación Permanente organiza cursos de distintos niveis.
 - Os primeiros Borbóns. Poder e dinámica política.
 - A AGPTI concede o Premio Xela Arias a Viceversa.
 - I Congreso Internacional de Violencia Sexual.
 - Congreso Internacional on line sobre temas clave de contratación pública.
 - Ciclo de relatorios organizado pola Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais, a Fundación Mentor e a Fundación Banco Sabadell.
 - Exposición da Biblioteca Central sobre ciencia e arte.
 - A colección “Esenciais” xa ten cinco volumes.
 - Celebración da Pont-Up Store e do Campus Spain.
 - Novas convocatorias INCUVI: Emprende, Avanza e Consolida.
 - Proxecto Zosteco, preservación de praderías mariñas.
 - REDE e GEOMA: Colaboración interdisciplinar para o estudo do cambio climático.
 - Os investigadores de Atlanttic, involucrados en proxectos de futuro sobre 5G.
 - Proxecto FACENDO 4.0: Stellantis, CTAG, Gradient, Aimen e UVigo.
 - Novo convenio Uvigo – Xunta – Sergas para a consolidación do IISGS.
 - Grupo de Tecnoloxías da Información de atlantTic gaña un desafío internacional sobre redes 5G.
 - A Facultade de Filoloxía e Traducción acada o primeiro distintivo de igualdade.
 - Os investigadores da UVigo Alberto Pedrouzo e Fernando Pérez, Juan Ramón Troncoso, Nicolás Gama e Mariya Georgieva, galardoados co Premio Ernesto Viéitez Cortizo 2021 da RAGC.
 - Gonzalo Navaza, da Facultade de Filoloxía e Tradución, elixido membro da R.A.G.
 - Carlos Hervés, medalla Domingo García-Sabell Rivas da Real Academia Galega de Ciencias.

- A Universidade de Vigo, Premio Galicia das Telecomunicacións e da Sociedade da Información 2021 (Premio Axians).
- Celebración da G-Night nos tres Campus da UVigo.
- Concedéronse unha serie de infraestruturas de investigación.
- Informa sobre a Resolución Reitoral sobre retorno á presencialidade do 100%, do día 25 de outubro, e que houbo unha xuntanza da comisión COVID-19 ao efecto. O prazo para retornar a esta situación será dunha semana.
- Aprobación no Consello de Goberno da maior OPE de profesorado da historia da UVigo, indicando os datos das prazas.
- Acordo sobre a funcionarización do PAS laboral fixo da Universidade de Vigo. O reitor pensa que é un acordo moi bo a nivel tanto institucional como persoal. Destaca o seu carácter voluntario e o punto relativo á disposición adicional novena do convenio colectivo.

3. Informe sobre actuacións en materia de sostibilidade na Universidade de Vigo.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Planificación e Sostibilidade que pasa a expoñer o seu informe, que foi achegado xunto coa documentación. Entre outros aspectos, destaca o Plan SUVI - Plan de mellora da eficiencia enerxética e redución da pegada de carbono (agradece a súa colaboración ao recentemente falecido conselleiro de Facenda Valeriano Gómez).

O Plan SUVI estrutúrase do seguinte xeito, que centra a intervención do vicerreitor:

1. Actuacións realizadas nos campus
2. Outras medidas de eficiencia
3. Actuacións en curso e proxectadas
4. Mobilidade sostible
5. Novas ideas e novos proxectos

No Campus de Pontevedra destacan as intervencións en enerxía fotovoltaica e biomasa: en 2019, 78kWp fotovoltaica (Ciencias da Educación e do Deporte); 100kWp fotovoltaica (Ciencias Sociais e da Comunicación). En 2020, a rede de produción e distribución de calor con biomasa 2000kW no campus (District Heating).

No Campus de Ourense, destaca a instalación híbrida xeotermia/aerotermia. O propósito do proxecto é dimensionar, medir e valorar unha instalación térmica híbrida renovable de aproximadamente 500 kW para cubrir parte das necesidades térmicas do Edificio de Ferro, no campus de Ourense. Características:

- 5 bombas de calor auga-auga (aprox. 100 kW/ud).
- 3 unidades de aerotermia exteriores (25 kW/ud).
- A execución de 40 pozos de 125 m de profundidade (5000 m de perforación).
- Os colectores de ida e retorno do circuíto da captación aerotérmica, desde a sala de máquinas.

Como resumo do Campus de Ourense: FV (Edificio Politécnico). Rede de calor de xeotermia (Edificio de Ferro). Investimento total (sen IVE): 764.968 €.

No Campus de Vigo destaca a aposta fotovoltaica: FV CACTI + CINTECX + Enxeñaría Industrial (sede cidade). LED e FV Industriais + Enxeñaría de Minas e Enerxía. Renovación LED e mellora: Biblioteca Central, Filomena Dato, Económicas e Empresariais. Investimento total (sen IVE): 1.225.260 €.

En relación con outras medidas, destacan a mellora da climatización e LED na Biblioteca central; mellora da climatización (corredores fríos-corredores quentes); renovación das caldeiras e climatización na Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais; renovación LED e melloras enerxéticas no Edificio Filomena Dato.

En canto ás actuacións en curso ou proxectadas, destacan as solicitudes IDAE 2021: a instalación solar fotovoltaica de autoconsumo de 100 kws no edificio Olimpia Valencia, As Lagoas, Marcosende (Vigo); a instalación solar fotovoltaica de autoconsumo de 100 kws no Edificio de Ciencias Experimentais, As Lagoas, Marcosende (Vigo); a instalación solar fotovoltaica de autoconsumo de 100 kws no Edificio de Ferro (campus de Ourense). Outros proxectos son: Instalación fotovoltaica de autoconsumo de 40 kW na Escola de Enxeñaría Forestal (Pontevedra); instalación fotovoltaica de autoconsumo de 40 kW na Facultade de Dereito (Ourense); instalación fotovoltaica de autoconsumo de 40 kW na Escola de Enxeñaría de Telecomunicación (Vigo); inversor independente instalación fotovoltaica de autoconsumo no Cintex (Vigo).

Sobre mobilidade sostible se expoñe a adquisición de novos vehículos e os puntos de recarga nos Campus, así como a proposta da app Hoop Carpool .

En canto ás novas ideas destaca a pérgola fotovoltaica e a acumulación de enerxía para poder utilizarse da maneira máis eficiente posible.

O informe continúa coa comunidade enerxética da UVigo, optimización do aproveitamento enerxético e económico das instalacións de xeración eléctrica mediante fontes renovables en réxime de autoconsumo. Os excedentes de xeración de enerxía FV poden compensar o consumo de electricidade doutro centro, sempre e cando ambos os dous se constitúan como comunidade enerxética. O vicerreitor comenta os pasos a dar desde o punto de vista administrativo para crear a comunidade enerxética.

O vicerreitor conclúe o informe co resumo final dos obxectivos acadados e unha proposta para a reflexión sobre o futuro enerxético da Universidade de Vigo.

O reitor quédase coa idea de que esta aposta da servizo á sociedade, diferenciando segundo os Campus. Debemos aspirar a ser unha universidade sostible, como amosa o informe e dar exemplo. Súmase ao agradecemento a Valeriano Gómez. Alude tamén á parte de mobilidade, que levará un tempo e esforzo económico, aparte da necesidade de concienciar á xente sobre a pegada de carbono.

Álvarez Moreira pregunta no chat, “¿Hay algún plan para implantar calderas con paneles de solar térmica e intercambiadores en todos los centros educativos? ¿Y algún plan para implantar captadores de energía eólica en, por ejemplo las rotondas exteriores del campus Vigo?”. O reitor indica que non é tan sinxelo implantar a enerxía eólica, dada a normativa existente. O vicerreitor de Planificación e Sostibilidade comenta que a tendencia en xeral é erradicar os combustibles fósiles e que primen as bombas de calor eléctricas. Jesús Hernández Sánchez pregunta no chat, “¿hay algún plan para sostenibilidad en Bellas Artes? que ni siquiera se ha mencionado como parte del Campus de Pontevedra”. O vicerreitor aclara que se trata de un edificio catalogado por patrimonio o que abre algunhas dificultades, en especial para acceder ao tellado, pero está incluído na proposta para o Campus de Pontevedra. Debe facerse un estudo global.

Conclúe o informe.

4. Aprobación, se procede, das modificacións en concretos artigos do Regulamento Electoral Xeral (7.4º, 10.2 c, 11.1º y 2º, 15.6º, 30.4º y 7º).

O reitor cede a palabra ao secretario xeral para que expoña este punto, quen indica o seguinte:

Desde a súa aprobación no Claustro en 2019, teñen xurdido distintas cuestións puntuais en procesos electorais diversos que aconsellan unha mellora na redacción de certos artigos do regulamento, sen cambiar o fondo dos mesmos substancialmente, pero si a forma de expresión, e que foron aprobadas pola comisión electoral na súa sesión do 21 de outubro de 2021. Trátase dos seguintes aspectos:

PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DO ARTIGO 7.4º

Onde di:

“4. Os membros da comisión electoral e da xunta electoral non poderán difundir propaganda ou realizar calquera outra actividade conducente á captación de votos nos procesos electorais en que aquelas están implicadas”.

Debería dicir:

“4. Os membros **electos** da comisión electoral e da xunta electoral non poderán difundir propaganda ou realizar calquera outra actividade conducente á captación de votos nos procesos electorais en que aquelas están implicadas”.

***Explicación:** A lei electoral xeral require que os membros da comisión ou xunta electoral se absteñan de desenvolver actos de propaganda electoral. Unha aplicación rixida desta norma impediría na maioría dos procesos electorais da Universidade que as persoas candidatas a unha reelección puideran, por exemplo, facer campaña electoral, dado que son membros natos da comisión ou xunta electoral. A mellor solución parece aplicar a norma só aos membros electos, excluindo por tanto aos natos. En caso contrario, sería excesivamente complexo o proceso de formación de xuntas electorais na nosa Universidade, ou se impediría o propio funcionamento da comisión electoral, que ten que estar presidida polo Reitor, segundo o artigo 25 dos Estatutos.*

PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DO ARTIGO 10.2º C)

Onde di:

“2. A xunta electoral está composta por:

c) Un membro do persoal docente e investigador, outro do persoal de administración e servizos e outro do sector de alumnado, designados por sorteo público, así como os e as respectivos suplentes”.

Debería dicir:

“2. A xunta electoral está composta por:

c) Un membro do persoal docente e investigador, outro do persoal de administración e servizos e outro do sector de alumnado, **pertencentes á respectiva xunta de centro ou consello de departamento**, designados por sorteo público, así como os e as respectivos suplentes.

***Explicación:** existían dúbidas sobre que persoas eran elixibles como membros da xunta electoral do centro ou do departamento e convén clarexar que a elección será entre persoas pertencentes á respectiva xunta de centro ou consello de departamento, segundo o caso de que se trate.*

PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DO ARTIGO 11.1º E 2º

Onde di:

“1. As xuntas electorais teñen competencias en relación cos seguintes procesos electorais:

- a) Xuntas de centro.
- b) Consellos de departamentos (agás alumnado).
- c) Decanos/as e directores/as de centros ou de departamentos”.

Debería dicir:

“1. As xuntas electorais teñen competencias en relación cos seguintes procesos electorais:

- a) **Para eleccións de decano/a ou director/a de centro e de representantes na xunta de centro, as xuntas electorais de centro.**
- b) **Para eleccións de director/a de departamento e de representantes nos consellos de departamento, as xuntas electorais de departamento**
- c) **Para eleccións de representantes de alumnado nos consellos de Departamento, as xuntas electorais de centro limitaranse a realizar o sorteo público das persoas que formen parte da mesa ou mesas electorais”.**

O parágrafo segundo alínea j) onde di:



“En relación cos procesos sinalados no parágrafo anterior, as xuntas electorais teñen atribuídas as seguintes competencias:

...

j) A designación por sorteo público das persoas que formen parte das mesas electorais de todas as eleccións, agás o establecido no artigo 30 deste regulamento”.

Debería dicir:

j) “A designación por sorteo público das persoas que formen parte das mesas electorais”.

***Explicación:** as eleccións de representantes de alumnado nos departamentos son xestionadas directamente pola secretaría xeral, por razón da complexidade que implican os seus censos, polo que as competencias da xunta electoral se limitan ao sorteo dos compoñentes da mesa ou mesas que, ademais, por razón de eficiencia, leva a cabo a xunta electoral de centro, non a do departamento. Na redacción anterior, en función das preguntas recibidas na secretaría xeral, parecían non quedar claros estes aspectos, polo que procede reformular o artigo, así como suprimir a referencia ao artigo 30, que xeraba confusión e que resulta superflua unha vez incorporada a nova redacción.*

PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DO ARTIGO 15.6

Onde di:

“Os membros do persoal de administración e servizos (PAS) estarán censados na unidade onde presten os seus servizos. Os membros do PAS adscritos a unidades administrativas que prestan servizo a varios centros ou departamentos poderán optar a ser elixidos como representantes do seu sector en calquera das xuntas de centro ou consellos de departamentos aos que a súa unidade administrativa dea servizo”.

Debería dicir:

“6. O **persoal de administración e servizos** (PAS) estarán censados na unidade onde presten os seus servizos. **O PAS adscrito** a unidades administrativas que prestan servizo a varios centros ou departamentos **deberán** optar a ser elixidos como representantes do seu sector en calquera das xuntas de centro ou consellos de departamentos aos que a súa unidade administrativa dea servizo. A persoa responsable de administrar o centro exercerá a devandita opción se non o fai a persoa interesada. **O PAS que resulte elixido/a como membro das xuntas de centro ou consellos de departamento permanecerá na súa condición ata a finalización do seguinte proceso electoral, aínda que perda a adscrición ao correspondente centro ou departamento por pasar a prestar servizos en outras unidades administrativas”.**

***Explicación:** coa anterior redacción, quedaba un baleiro no caso de que os membros do PAS non exercesen a opción á que se refire o artigo, o que xeraba problemas en relación coa súa elección como representantes en consellos de departamentos ou xuntas de centro. A redacción proposta ven cubrir o dito baleiro de regulación.*

PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DO ARTIGO 30.4

Onde di:

“4. Con carácter xeral, as mesas electorais coincidirán coa circunscrición e serán únicas para cada sector ou subsector; no entanto, nas eleccións a reitor/a as mesas coincidirán coas das eleccións de representantes no Claustro Universitario; e nas eleccións a representantes de estudantes nos consellos de departamento, estableceranse mesas en cada centro”.

Debería dicir:

“4. Con carácter xeral, as mesas electorais coincidirán coa circunscrición e **diferenciarán por sectores ou subsectores**; no entanto, nas eleccións a reitor/a as mesas coincidirán coas das eleccións de representantes no Claustro Universitario; e nas eleccións a representantes de estudantes nos consellos de departamento, estableceranse mesas **preferentemente** en cada centro”.

E onde di:

“7. Correspóndelles ás xuntas electorais dos centros e departamentos realizar o sorteo, público, dos membros que formen parte das mesas electorais. Eles mesmos elixirán a quen deba actuar como secretario/a, no momento da constitución, o que se reflectirá na correspondente acta”.

Debería dicir:

“7. Correspóndelles ás xuntas electorais dos centros e departamentos realizar o sorteo, público, dos membros que formen parte das mesas electorais **nos procedementos da súa competencia segundo o artigo 11.1 deste regulamento**. Eles mesmos elixirán a quen deba actuar como secretario/a, no momento da constitución, o que se reflectirá na correspondente acta”.

***Explicación:** dado que, na práctica, hai diversos procedementos nos que non resulta acaída a existencia de diferentes mesas electorais por sector, óptase por unha redacción mais aberta, sempre que, de existir unha soa mesa, se distingan os sectores (por exemplo, con urnas diferenciadas) que, preferentemente, estarán en cada centro, pero non necesariamente (de xeito que, por exemplo, dous centros situados nun mesmo edificio poderían constituír unha única mesa). Finalmente, engádese unha remisión ao artigo 11, para clarear as dúbidas sobre a competencia para os sorteos dos membros das mesas.*

Apróbanse por asentimento as modificacións propostas no Regulamento Electoral Xeral.

5. Debate sobre o impulso ao Manual de Boas Prácticas no marco do programa Docentia e creación, se procede, dunha comisión de traballo ao respecto.

O reitor cede a palabra ao secretario xeral, tras falar sobre a necesidade de impulsar este manual e a novidade que supuxeron os cambios introducidos no programa Docentia.

O secretario xeral comeza indicando que establecer unha aproximación directa e unívoca ao concepto de “boa práctica” na docencia universitaria non é sinxelo, porque fai referencia a unha realidade complexa, multidimensional e en constante evolución. Por iso, mais aló do que cada quen entenda intuitivamente como boa práctica, é preciso encadralo nun contexto mais técnico, existindo varios referentes bibliográficos recoñecidos no ámbito da docencia universitaria que establecen ou axudan a definilas así como a contorna na que se deben desenvolver:

1. A UNESCO, a través do programa MOST (Management of Social Transformations), especificou os atributos do concepto “boa práctica” e os seus principais trazos.
2. Outros autores recollen tamén unha serie de eixes vertebrados en torno ao Marco de desenvolvemento docente (MDAD) elaborado por iniciativa e impulso da Rede estatal de docencia universitaria (Red-U) que achegan algunhas claves en torno a unha boa docencia universitaria e, por extensión, poden ser útiles como ferramenta para detectar ou determinar boas prácticas na docencia universitaria, servindo así como un primeiro referente global (Paricio, J; Fernández, A; Fernández I., Cartografía de la buena docencia Universitaria, Madrid, Narcea Ediciones, 2019).

Complementariamente, para facilitar o labor de detección de boas prácticas docentes e que estas sexan recoñecidas a través do programa Docentia da Universidade de Vigo e mesmo no ámbito xeral institucional, sería necesario adaptar o contido destas referencias, ou doutras similares, á realidade docente da UVigo de xeito que se facilite a identificación por parte de todos os actores que participan no proceso docente do que é unha boa práctica.

Parece entón conveniente acordar un modelo de ficha-formulario coa información mínima relevante que esta debe presentar para o seu posterior recoñecemento e validación. Este formulario podería así funcionar como unha ferramenta normalizada á disposición dos centros e do profesorado para facilitar o labor de recollida de información e mesmo de transferencia de coñecemento.

En definitiva, é importante dispor dun instrumento normalizado de axuda para a recollida de boas practicas de acordo coas características diversas e concretas de cada docente.

Propónse como comisión a seguinte: secretario xeral, director da Área de Calidade, 5 decanos/directores de Centro, 5 directores/as de Departamento, 5 PAS e 5 alumnos/as.

Elsa Vázquez comenta que se presentou á avaliación quinquenal de Docencia e que con carácter retroactivo lle pide uns ítems non recollidos anteriormente sobre boas prácticas, algunhas sendo puntos á maiores na avaliación de Docencia. Sinala que ten que facer un informe no que ten que explicar e xustificar as boas prácticas desde o curso 2014/15 ao 2018/19 segundo un modelo que figura na Secretaría Virtual. Comenta que non dispón do Manual de Boas prácticas que cre moi necesario. Pensa que é unha desvantaxe para presentarse este ano á convocatoria. Gustaríalle saber como actuará a comisión este ano en este aspecto e se hai que renunciar á convocatoria. Quere trasladar este desamparo dos profesores. Enrique Costa apoia a reivindicación de Elsa Vázquez.

O reitor está de acordo cos comentarios e que o procedemento aprobase por asentimento, sen que ninguén dixera nada, lembrando que se trata só de cinco puntos. Descoñece como van actuar as comisións, que actuarán segundo os seu mellor criterio. O secretario xeral lembra que existe un procedemento de revisión para as actuacións das comisións. O reitor propón que se poida dar un prazo adicional para aportar información, dado que o límite remata o 12 de decembro. No seguinte Claustro elixiranse os membros da comisión.

Conclúe o debate

Apróbase por asentimento a creación da comisión de traballo coa composición indicada.

6. Elección de membros do C.G. polo sector estudantes: 1 vacante.

O reitor informa de que se presentou a candidatura de D. José Manuel Rúa Estévez.

Non é preciso celebrar eleccións

Queda elixida a persoa que presentou candidatura.

7. Elección de membros da Comisión redactora do Regulamento sobre a avaliación, a cualificación e a calidade da docencia e do proceso de aprendizaxe do estudantado:

O reitor informa do seguinte:

Sector estudantes (3 postos)

Non se presentaron candidaturas.

Sector PAS (5 postos)

Non se presentaron candidaturas.

Ao non haber candidaturas, no procede facer elección.

8. Elección dos membros da comisión redactora do Regulamento de inspección:

